

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**4048** *Lei 4/2010, do 10 de marzo, para a execución na Unión Europea de resolucións xudiciais de comiso.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

##### I

A creación dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza na Unión Europea exige un importante esforzo para mellorar a cooperación xudicial entre os Estados membros, que ten a súa «pedra angular» no principio de recoñecemento mutuo de resolucións xudiciais. Este principio baséase na confianza mutua de que as resolucións que se van recoñecer e executar cumpren plenamente as exixencias básicas de legalidade e proporcionalidade en todos os países comunitarios.

De xeito progresivo, a Unión veu adoptando instrumentos xurídicos nos que se plasma o principio de recoñecemento mutuo. O primeiro deles foi a Decisión marco 2002/584/JAI do Consello, do 13 de xuño de 2002, relativa á orde de detención europea e aos procedementos de entrega entre Estados membros, que se incorporou ao dereito español a través da Lei 3/2003, do 14 de marzo, sobre a orde europea de detención e entrega, e da Lei orgánica 2/2003, do 14 de marzo, complementaria da anterior.

As citadas normas seguiron a Decisión marco 2003/577/JAI do Consello, do 22 de xullo de 2003, relativa á execución na Unión Europea das resolucións de embargo preventivo de bens e de aseguramento de probas, incorporada ao noso dereito mediante a Lei 18/2006, do 5 de xuño, para a eficacia na Unión Europea das resolucións de embargo e de aseguramento de probas en procedementos penais, complementada pola Lei orgánica 5/2006, do 5 de xuño. E despois a Decisión marco 2005/214/JAI do Consello, do 24 de febreiro de 2005, relativa á aplicación do principio de recoñecemento mutuo de sancións pecuniarias, cuxa transposición se realizou na Lei 1/2008, do 4 de decembro, para a execución na Unión Europea de resolucións que impoñan sancións pecuniarias, e a Lei orgánica 2/2008, do 4 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e complementaria da Lei para a execución na Unión Europea de resolucións que impoñan sancións pecuniarias.

O seguinte paso neste proceso vén constituído pola Decisión marco 2006/783/JAI do Consello, do 6 de outubro de 2006, relativa á aplicación do principio de recoñecemento mutuo de resolucións de comiso, cuxa incorporación ao noso dereito se efectúa nesta lei, dirixida a garantir en España a máxima cooperación xudicial co resto de Estados membros da Unión Europea.

##### II

O obxecto desta norma consiste, en primeiro lugar, en regular o procedemento a través do cal se van transmitir, por parte das autoridades xudiciais españolas, aquelas sentenzas firmes polas cales se impoñía un comiso, a outros Estados membros da Unión Europea. E, en segundo lugar, en establecer o modo en que as autoridades xudiciais españolas van recoñecer e executar tales resolucións cando lle sexan transmitidas por outro Estado membro.

O mesmo que nas decisións marco sinaladas, e nas leis que xa as incorporaron ao noso dereito, a renuncia á existencia de control da dobre incriminación para as infraccións que se establecen e sempre que para elas se prevexan «penas privativas de liberdade cuxa duración máxima sexa de polo menos tres anos».

A lei recolle novidades que proveñen da Decisión marco 2006/783/JAI e que derivan das exigencias de eficacia que debe acompañar o recoñecemento mutuo das resolucións de comiso. A primeira é a de contar cun concepto homoxéneo de comiso, que vén dado pola incorporación aos ordenamentos nacionais dos Estados membros da Decisión marco 2005/212/JAI, do Consello, do 24 de febreiro de 2005, relativa ao comiso dos produtos, instrumentos e bens relacionados co delito. Neste sentido, o alcance que ten o comiso nesta lei inclúe bens que proveñen de actividades delituosas desenvolvidas pola persoa condenada durante un período anterior á condena, ou cando se teña constancia de que o valor da propiedade é desproporcionado con respecto aos ingresos legais da persoa condenada e un órgano xudicial nacional, baseándose en feitos concretos, estea plenamente convencido da súa procedencia delituosa. En cambio, quedan fóra desta lei os supostos de restitución de bens aos seus lexítimos propietarios.

A lei tamén incorpora as novidades mediante as cales se trata de remediar os problemas derivados das dúbidas de localización dos bens obxecto de comiso, e ante os cales se permite que unha autoridade xudicial transmita a súa resolución simultaneamente a varios Estados membros da Unión Europea. Unha previsión que, pola súa vez, obriga a que haxa unha maior comunicación entre as autoridades xudiciais para evitar excesos de execución.

Finalmente, a lei inclúe previsións, xa contidas na Decisión marco 2006/783/JAI, que remiten determinados aspectos ao acordo tanto das autoridades competentes dos Estados membros como das súas autoridades xudiciais, en cuestións como o destino dos bens comisados ou o reembolso de determinados gastos.

Tamén é nova a previsión de que o xuíz do penal pida informe ao Ministerio Fiscal antes de recoñecer e executar unha resolución de comiso procedente doutro Estado da Unión Europea, tendo en conta a complexidade que poden comportar esas resolucións.

Xunto a estas novidades, a lei tamén vén confirmar cuestións que xa aparecen nas leis anteriores que incorporaban as decisións marco sobre recoñecemento mutuo de resolucións xudiciais na Unión Europea. Tal é o caso das normas que deben cumprir os xuíces españois para transmitir e executar as correspondentes resolucións xudiciais e, en especial, o emprego de formularios ou certificados. As decisións marco xa se basean no uso dos formularios que se deben traducir para a lingua que sinale o Estado onde estea a autoridade xudicial que deba executar a resolución xudicial de que se trate, o que se concibe como fórmula de superación do obstáculo que pode supor o descoñecemento por parte do xuíz do idioma en que reciba unha resolución proveniente doutro Estado.

Neste sentido e igual que fixeron as leis anteriores, exíxese a tradución para o español (termo acuñado ante as institucións comunitarias para designar o noso idioma) dos formularios que sexan remitidos ao noso país polas autoridades competentes dos demais Estados membros. Con isto consolídase unha liña de política lingüística que constitúe unha peza básica para a eficacia do sistema, consistente en optar pola lingua que coñecen todos os xuíces de España, sen necesidade de novas traducións no suposto de reenvíos das resolucións dentro do territorio español ou de descoñecemento do xuíz da lingua cooficial e, en definitiva, atrasos na eficacia das resolucións a que se refire o certificado. Así mesmo, esta é a única opción que se axusta ás decisións marco que se refiren á tradución para a lingua oficial do Estado de execución, condición que en España só corresponde ao castelán ou español, mentres que para as restantes linguas españolas a cooficialidade se reduce ao territorio da comunidade autónoma de que se trate. Debe destacarse, ademais, que esta opción non exclúe que nas actuacións xudiciais que teñan lugar no noso país resulte de aplicación o artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial, que posibilita a utilización das linguas oficiais propias das comunidades autónomas.

## III

A lei estrutúrase en tres capítulos, aos cales se engaden cinco disposicións adicionais, outra transitoria e tres derradeiras, máis un anexo que inclúe o certificado ou formulario para a aplicación do principio de recoñecemento mutuo de resolucións de comiso.

O primeiro capítulo contén as disposicións xerais, referidas ao obxecto da lei e á posibilidade de mellora do réxime que establece mediante convenios entre os Estados membros, e concréntanse as autoridades que en España serán competentes tanto para emitir as resolucións obxecto da lei como para executalas. Precísase tamén o concepto de comiso, así como o réxime de indemnizacións e reembolsos que deriven da execución das resolucións de comiso.

O segundo capítulo regula a transmisión polas autoridades xudiciais españolas das resolucións de comiso a outros Estados membros da Unión Europea, para que estes procedan á súa execución. En especial, aténdese á forma de transmisión e ao modo en que aquela debe documentarse, así como ás consecuencias que se desprenden da transmisión dunha resolución, en especial cando a petición de comiso se envía a varios Estados.

Establécese a regra de que a transmisión da resolución, acompañada do seu certificado, non impide que a autoridade xudicial española a poida executar, pero si a limita en canto á cantidade de diñeiro que pode comisar e obrígaa a informar a autoridade competente do Estado de execución que ela mesma ou a autoridade doutro Estado ao que se remítase a mesma resolución efectuase e o importe que, se é o caso, non se executase. Prevese a transformación do comiso que afecte un ben en concreto nunha cantidade de diñeiro equivalente.

Este segundo capítulo péchase coa obriga de información da autoridade xudicial española á autoridade competente no Estado de execución da adopción de calquera medida que deixe sen efecto o comiso e os recursos que proceden ante aquela.

Por último, o capítulo terceiro refírese á execución en España daquelas resolucións que lle sexan transmitidas por outros Estados membros da Unión Europea.

Esta regulación parte do recoñecemento do principio de non suxeición ao control da dobre tipificación e, polo tanto, do recoñecemento e execución automática da resolución, para admitir a continuación a existencia dunha serie de supostos en que si se exige a dobre tipificación ou nos cales a autoridade competente pode denegar o recoñecemento e execución do comiso. Regula tamén as normas aplicables á execución da resolución. Como excepción ao automatismo da execución, a lei regula unha serie de motivos que xustifican a denegación do recoñecemento e a execución da resolución, así como a suspensión da resolución de comiso, e o réxime de revisión da sentenza e indulto. Tívoise en conta ao regular estes aspectos a modificación operada pola Decisión marco 2009/299/JAI, do Consello, do 26 de febreiro de 2009, pola que se modifican as decisións marco 2002/584/JAI, 2005/214/JAI, 2006/783/JAI, 2008/909/JAI e 2008/947/JAI, destinada a reforzar os dereitos procesuais das persoas e a propiciar a aplicación do principio de recoñecemento mutuo das resolucións ditadas a raíz de xuízos celebrados sen comparecencia do imputado. Esta reforma afectou tanto a regulación das causas de denegación do recoñecemento dunha resolución como o formulario que se inclúe como anexo nesta lei.

A lei finaliza coa regulación da disposición dos bens comisados en España, xa sexa diñeiro ou outro tipo de bens. Un réxime que non despraza a aplicación daquelas normas especiais xa existentes, tales como as que se aplican ao contrabando ou tráfico ilícito de drogas.

A parte final da lei contén unha disposición adicional relativa á remisión de información estatística. Inclúense tamén unha disposición transitoria, que determina o réxime xurídico das resolucións que se encontren en curso no momento da entrada en vigor da lei, e tres disposicións derradeiras. A primeira delas fundamenta a competencia estatal para ditar esta lei no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución, a segunda sinala que a nova lei incorpora ao dereito español a Decisión marco 2006/783/JAI e a última establece o momento da súa entrada en vigor. Inclúese finalmente, no anexo, o certificado que deben remitir os tribunais españois para o recoñecemento das resolucións de comiso impostas por eles noutros Estados membros da Unión Europea.

## CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten por obxecto regular o procedemento que deben seguir as autoridades xudiciais españolas para transmitir ás autoridades correspondentes dos demais Estados membros da Unión Europea unha resolución de comiso firme imposta como consecuencia da comisión dunha infracción penal.

2. Regúlase, así mesmo, a actuación que deberán desenvolver as autoridades xudiciais españolas cando reciban unha resolución de comiso firme emitida pola autoridade competente doutro Estado membro da Unión Europea e imposta como consecuencia da comisión dunha infracción penal, para o seu recoñecemento e execución.

3. As disposicións desta lei entenderanse sen prexuízo da aplicación daqueles convenios con outros Estados membros da Unión Europea subscritos por España que contribúan a unha maior simplificación e axilidade nos procedementos de execución de resolucións de comiso.

Artigo 2. *Estado de emisión e Estado de execución.*

Para os efectos regulados nesta lei, entenderase por:

a) Estado de emisión: o Estado membro en que se ditou a resolución de comiso en relación cunha causa penal.

b) Estado de execución: o Estado membro a que se transmitiu a resolución de comiso para o seu recoñecemento e execución.

Artigo 3. *Resolución de comiso.*

1. Entenderase por resolución de comiso a sanción ou medida firme imposta por un órgano xurisdiccional a raíz dun procedemento relacionado cunha ou varias infraccións penais, que teña como resultado a privación definitiva de bens.

2. Para os efectos desta lei, a resolución de comiso poderá afectar calquera tipo de bens, xa sexan materiais ou inmateriais, mobles ou inmobles, así como os documentos con forza xurídica ou outros documentos acreditativos dun título ou dereito sobre eses bens respecto dos cales o órgano xurisdiccional do Estado de emisión decidise:

a) Que constitúen o produto dunha infracción penal ou equivalen total ou parcialmente ao valor do devandito produto.

b) Que constitúen os instrumentos da dita infracción.

c) Que poden ser comisados con motivo da aplicación no Estado de emisión de calquera dos supostos de potestade de comiso ampliada que se especifican no artigo 3, números 1 e 2, da Decisión marco 2005/212/JAI, do Consello, do 24 de febreiro de 2005, relativa ao comiso dos produtos, instrumentos e bens relacionados co delito.

d) Ou que poden ser comisados a teor de calquera outra disposición relacionada cunha potestade de comiso ampliada de conformidade co dereito do Estado de emisión.

Artigo 4. *Autoridades xudiciais españolas competentes.*

1. Será competente para transmitir unha resolución de comiso firme imposta a unha persoa natural ou xurídica a outro Estado membro da Unión Europea no cal se encontren os bens obxecto de comiso, o xuíz ou tribunal penal competente para a súa execución en España.

2. Son autoridades competentes para executar en España unha resolución de comiso transmitida polas autoridades xudiciais competentes do Estado de emisión os xuíces do penal do lugar onde se encontren os bens obxecto da dita resolución. Se a resolución transmitida non concreta o lugar onde se encontran eses bens, será competente o xuíz do

penal do lugar de residencia do condenado e mentres non se localicen aqueles bens noutro lugar distinto.

Artigo 5. *Indemnizacións e reembolsos.*

1. O Estado español reembolsará ao Estado ao cal se transmitise a resolución as cantidades aboadas en concepto de reparación de danos e perdas causados aos titulares de dereitos e intereses lexítimos, sempre e cando estes non se deberen exclusivamente á actividade do dito Estado.

2. O Estado español reclamará ao Estado da autoridade xudicial de emisión o reembolso das cantidades aboadas en concepto de reparación de danos e perdas causados aos titulares de dereitos e intereses lexítimos, sempre e cando estes non sexan consecuencia exclusivamente do funcionamento anormal da Administración de xustiza ou de erro xudicial.

## CAPÍTULO II

### **Transmisión polas autoridades xudiciais españolas dunha resolución de comiso para a súa execución noutro Estado membro da Unión Europea**

Artigo 6. *Transmisión dunha resolución de comiso.*

1. A autoridade xudicial penal española competente para executar un comiso imposto a unha persoa natural ou xurídica transmitirá a resolución á autoridade competente doutro Estado membro da Unión Europea, sempre que esta sexa firme, e teña motivos fundados de que os bens obxecto de comiso se encontran no devandito Estado.

No caso de que en relación con eses bens se tiver ditado e executado con anterioridade unha resolución en aplicación da Lei 18/2006, do 5 de xuño, para a eficacia na Unión Europea das resolucións de embargo e de aseguramento de proba en procedementos penais, o xuíz do penal solicitará os antecedentes ao xuíz de instrución para os efectos de continuar a súa tramitación.

2. No caso de que a autoridade xudicial penal española non coñeza cal é a autoridade competente para executar a resolución, efectuará todas as investigacións que considere oportunas e valerase de todos os medios que resulten necesarios, incluídos os puntos de contacto da Rede Xudicial Europea.

3. Se a autoridade xudicial penal española non ten motivos fundados que lle permitan determinar o Estado ao cal poida trasladar a resolución de comiso, transmitirá á autoridade competente do Estado membro onde a persoa natural ou xurídica contra a que se ditou a resolución resida habitualmente ou teña o seu domicilio social, respectivamente.

Artigo 7. *Documentación e modo de transmisión.*

1. A resolución que se pretende executar deberá ir acompañada dun certificado, cuxo modelo figura no anexo, o cal irá asinado pola autoridade xudicial penal española que, conforme a lexislación interna, for competente para a súa execución.

2. A autoridade xudicial penal española transmitirá a resolución orixinal ou unha copia certificada desta, xunto co certificado, directamente á autoridade encargada da execución, por correo certificado, fax ou medios informáticos ou telemáticos que permitan acreditar a autenticidade do contido, a certeza da data e a identidade do remitente. Todas as comunicacións entre autoridades xudiciais se efectuarán por estes medios.

A autoridade xudicial penal española manterá comunicación de forma directa coa autoridade á cal se dirixe a resolución.

3. O certificado deberá traducirse para a lingua oficial ou para unha das linguas oficiais do Estado a que se dirixe ou, se for o caso, para unha lingua oficial das institucións comunitarias que aceptase o dito Estado.

Artigo 8. *Transmisión dunha resolución de comiso a máis dun Estado membro.*

1. Unha resolución de comiso referente a bens concretos poderase transmitir simultaneamente a máis dun Estado de execución cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Que a autoridade xudicial española competente teña motivos fundados para crer que os distintos bens obxecto da resolución de comiso se encontran en distintos Estados de execución.
- b) Que o comiso dun ben concreto incluído na resolución de comiso requira a intervención en máis dun Estado de execución.
- c) Que a autoridade xudicial española competente teña motivos fundados para crer que un ben concreto incluído na resolución de comiso está localizado nun dos dous ou máis Estados de execución determinados.

2. Unha resolución de comiso referente a unha cantidade de diñeiro poderá transmitirse simultaneamente a máis dun Estado de execución cando a autoridade xudicial española competente considere que hai motivos específicos para facelo. Entre outros supostos, considérase que concorren tales motivos:

- a) Cando os bens afectados non sexan embargados conforme a Lei 18/2006, do 5 de xuño, para a eficacia na Unión Europea das resolucións de embargo e de aseguramento de probas en procedementos penais.
- b) Cando o valor dos bens que poden ser comisados no Estado de emisión e en calquera Estado de execución probablemente non sexa suficiente para executar a cantidade total obxecto da resolución de comiso.

3. Cando non for posible levar a cabo a transmisión simultánea a varios Estados membros da Unión Europea e sempre que non se cumprise na súa totalidade a resolución de comiso, efectuarase a súa remisión de forma sucesiva aos Estados en que se presuma que se encontran bens do condenado.

Artigo 9. *Consecuencias da transmisión dunha resolución de comiso.*

1. A transmisión dunha resolución de comiso non impedirá que a autoridade xudicial penal española poida proceder á súa execución.

2. No caso de transmisión a un ou máis Estados de execución dunha resolución de comiso referente a unha cantidade de diñeiro, a autoridade xudicial española garantizará que o valor total derivado da execución da resolución non exceda do importe máximo especificado nela.

3. A autoridade xudicial penal española informará de inmediato a autoridade competente de todo Estado de execución afectado, por calquera medio que poida deixar constancia escrita, nos seguintes casos:

- a) Cando considere que hai risco de que a execución supere o importe máximo especificado. Informará, así mesmo, cando considere que o risco mencionado deixou de existir.
- b) Cando a totalidade ou parte da resolución de comiso sexa executada en España ou noutro Estado de execución. Neste caso, especificarase na comunicación o importe da sentenza de comiso que aínda non fose executado.
- c) Se, con posterioridade á transmisión dunha resolución de comiso, unha autoridade española recibiu unha cantidade de diñeiro pagada voluntariamente polo condenado en cumprimento da resolución de comiso. Neste caso, indícarase se queda parte da resolución por executar e o seu importe.



Artigo 10. *Transformación do comiso.*

Cando unha resolución de comiso afecte un ben en concreto e por calquera circunstancia non for posible o comiso deste, a autoridade xudicial española solicitará á autoridade competente do Estado de execución que o comiso adopte a forma de obriga de pagamento dunha cantidade de diñeiro equivalente ao valor do ben de que se trate.

Artigo 11. *Terminación da execución.*

A autoridade xudicial penal española informará de inmediato a autoridade competente do Estado de execución de toda decisión ou medida que teña por efecto anular o carácter executorio da sentenza ou retirar a resolución do Estado de execución por calquera outro motivo.

Artigo 12. *Reembolso de gastos excepcionais.*

A autoridade xudicial española que reciba unha comunicación da autoridade do Estado de execución sobre gastos especiais que comportou a execución da resolución de comiso, comunicaráo ao Ministerio de Xustiza para os efectos dun posible acordo sobre a repartición dos custos co Estado de execución.

Artigo 13. *Revisión da resolución de comiso.*

1. No caso de impugnación da resolución de comiso, esta será resolta pola autoridade xudicial competente para o coñecemento do recurso interposto.
2. No caso de estimación dun recurso que afecte a resolución de comiso, a autoridade xudicial penal española comunicaráo inmediatamente ao Estado de execución.

### CAPÍTULO III

#### **Execución en España dunha resolución de comiso emitida pola autoridade xudicial doutro Estado membro da Unión Europea**

Artigo 14. *Principio de dobre tipificación.*

1. As resolucións de comiso firmes adoptadas polo Estado de emisión para a súa execución en España non estarán suxeitas a control da dobre tipificación cando se refiran a feitos axuzados como algúns dos delitos que se enuncian a continuación, sempre que estean castigados no devandito Estado con penas privativas de liberdade cuxa duración máxima sexa de polo menos tres anos. Estes delitos son os seguintes:

- Pertenza a unha organización delituosa.
- Terrorismo.
- Tráfico de seres humanos.
- Explotación sexual de menores e pornografía infantil.
- Tráfico ilícito de drogas e substancias psicotrópicas.
- Tráfico ilícito de armas, municións e explosivos.
- Corrupción.
- Fraude, incluída a que afecte os intereses financeiros das Comunidades Europeas.
- Branqueo dos produtos do delito.
- Falsificación de moeda, con inclusión do euro.
- Delitos informáticos.
- Delitos contra o ambiente, incluídos o tráfico ilícito de especies animais protexidas e de especies e variedades vexetais protexidas.
- Axuda á entrada e á estancia irregulares.
- Homicidio e agresión con lesións graves.
- Tráfico ilícito de órganos e tecidos humanos.
- Secuestro, retención ilegal e toma de reféns.

Racismo e xenofobia.  
Roubos organizados ou a man armada.  
Tráfico ilícito de bens culturais, incluído as antigüidades e as obras de arte.  
Estafa.  
Chantaxe e extorsión de fondos.  
Violación de dereitos de propiedade intelectual ou industrial e falsificación de mercadorías.  
Falsificación de documentos administrativos e tráfico de documentos falsos.  
Falsificación de medios de pagamento.  
Tráfico ilícito de substancias hormonais e outros factores de crecemento.  
Tráfico ilícito de materias nucleares e radioactivas.  
Tráfico de vehículos roubados.  
Violación.  
Incendio provocado.  
Delitos incluídos na xurisdición da Corte Penal Internacional.  
Apoderamento ilegal de aeronaves e buques.  
Sabotaxe.

2. Cando o xuíz do penal competente reciba a resolución dunha autoridade xudicial doutro Estado membro da Unión Europea para que execute unha resolución de comiso imposta por unha infracción penal non prevista no número anterior, supeditará o recoñecemento e a execución desta á condición de que o feito polo que tal resolución se ditase sexa tamén constitutivo de infracción penal segundo o dereito español.

#### Artigo 15. *Recoñecemento das resolucións.*

1. O xuíz do penal competente estará obrigado a recoñecer e a executar, sen máis trámite que o informe do Ministerio Fiscal, unha resolución de comiso cando o ben sobre que recaia se encontre en España, que fose debidamente transmitida pola autoridade competente do Estado de emisión, salvo naqueles casos en que conorra algún dos motivos para o non recoñecemento ou a non execución que se recollen no artigo 19.

O xuíz do penal, logo de informe do Ministerio Fiscal emitido no prazo de 7 días, acordará o despacho de execución da resolución de comiso debidamente transmitida mediante auto, nun prazo máximo de 15 días desde a súa recepción. A adopción da resolución de comiso de que se trate sucederá, de ser o caso, as medidas que sobre os mesmos bens se tivesen acordado en aplicación da Lei 18/2006, do 5 de xuño, para a eficacia na Unión Europea das resolucións de embargo e de aseguramento de probas en procedementos penais.

Cando o certificado que acompañe a resolución de comiso non veña traducido para o español remitirase inmediatamente á autoridade xudicial que o asinou para que leve a cabo a tradución correspondente.

Os xuíces do penal competentes admitirán as resolucións de comiso que regula esta lei que se efectúen mediante correo certificado, fax ou medios informáticos ou telemáticos que permitan acreditar a autenticidade do contido, a certeza da data e a identidade do remitente.

2. Cando un xuíz do penal reciba unha resolución para o seu recoñecemento e execución e non sexa competente para iso, transmitiráa de oficio a aquel que o sexa, se así se desprende da documentación recibida, e informará disto inmediatamente e por calquera medio que deixe constancia escrita á autoridade do Estado de emisión.

#### Artigo 16. *Execución das resolucións.*

1. No caso de que unha solicitude de comiso afecte un ben concreto e por calquera circunstancia non for posible o comiso deste, os xuíces do penal competentes acordarán que o comiso adopte a forma da obriga de pagamento dunha cantidade de diñeiro correspondente ao valor do ben de que se trate.



2. No caso de que unha resolución de comiso se refira a unha cantidade de diñeiro, os xuíces do penal competentes, no caso de que non poidan obter o pagamento, executarán a resolución de comiso sobre calquera ben dispoñible para tal efecto.

3. No caso de que unha resolución de comiso se refira a unha cantidade de diñeiro, os xuíces do penal competentes converterán, cando sexa necesario, o importe que deba comisarse á moeda do Estado de execución, aplicando o tipo de cambio vixente no momento de se ditar a resolución de comiso.

4. O xuíz do penal competente informará a autoridade competente do Estado de emisión, por calquera medio que deixe constancia escrita, da execución da resolución tan pronto como esta finalizase.

#### Artigo 17. *Execución de resolucións de comiso múltiples.*

1. Cando o xuíz do penal competente estea tramitando dúas ou máis resolucións de comiso referentes ben a unha cantidade de diñeiro ditadas contra a mesma persoa natural ou xurídica que non dispoña de medios abondos en España para que se executen todas as resolucións, ou ben referentes a un mesmo ben, deberá decidir cal ou cales das resolucións de comiso se executarán, tras considerar debidamente todas as circunstancias. Para adoptar esta decisión terase en conta principalmente e por esta orde a existencia dun embargo preventivo, a gravidade relativa e o lugar da infracción, as datas das resolucións respectivas e as datas da súa transmisión. O xuíz do penal competente comunicará sen dilación a súa decisión ás autoridades competentes do Estado ou Estados de emisión.

2. No caso de que o condenado puiden facilitar a proba do comiso, total ou parcial, efectuado noutro Estado, o xuíz do penal competente consultará a autoridade competente do Estado de emisión por calquera dos medios previstos no artigo 7.2. No caso de comiso de produtos dun delito, toda porción do valor dos bens afectados que se recupere en virtude da resolución de comiso noutro Estado se deducirá na súa totalidade do valor dos bens que deben ser comisados en España.

#### Artigo 18. *Dereito polo que se rexerá a execución.*

1. A execución da resolución rexeráse polo dereito español e levarase a cabo do mesmo modo que se o comiso tiver sido imposto por un tribunal español.

2. Tamén se executará a resolución de comiso que se impuxese no Estado de emisión a unha persoa xurídica por unha infracción para a cal non se prevexa a súa responsabilidade de acordo co dereito español.

3. No caso de imposibilidade de execución dunha resolución de comiso, o xuíz do penal informará a autoridade competente do Estado de emisión sen dilación, sen que se poidan executar medidas alternativas non previstas no dereito español.

#### Artigo 19. *Denegación do recoñecemento e execución da resolución.*

1. O xuíz do penal competente denegará o recoñecemento e a execución das resolucións de comiso nos seguintes casos:

a) Cando se ditase en España ou noutro Estado distinto ao de emisión unha resolución firme, condenatoria ou absolutoria, contra a mesma persoa e respecto dos mesmos feitos, e a súa execución vulnere o principio non bis in idem nos termos previstos nas leis e nos convenios ou tratados internacionais ratificados por España, e mesmo cando o condenado tiver sido posteriormente indultado.

b) Cando se trate dunha resolución de comiso imposta por unha infracción distinta das reguladas no número 1 do artigo 14 e esta non estea tipificada no dereito español.

Non obstante o anterior, cando a resolución de comiso se impoña por unha infracción penal en materia tributaria ou de control de cambios, non poderá denegarse a execución da resolución de comiso se o fundamento for que a lexislación española non establece o mesmo tributo ou non contén a mesma regulación en materia tributaria e de control de cambios que a lexislación do Estado de emisión.

- c) Cando exista unha inmunidade que impida a execución da resolución.
- d) Cando os dereitos das partes interesadas, incluídos os terceiros de boa fe conforme a lexislación española, impiden a execución da resolución de comiso.
- e) Cando, segundo o certificado, o imputado non compareceu no xuízo do que deriva a resolución de comiso, salvo que no certificado conste, conforme outros requisitos procesuais definidos na lexislación nacional do Estado de emisión, algunha das seguintes circunstancias:

1.<sup>a</sup> Que, coa suficiente antelación, o imputado foi citado en persoa e informado do lugar e a data previstos para o xuízo de que deriva a resolución, ou recibiu información oficial da data e lugar previstos para o xuízo por outros medios que deixen constancia do seu efectivo coñecemento, e foi informado de que podería ditarse unha resolución en caso de non comparecencia.

2.<sup>a</sup> Que, tendo coñecemento da celebración prevista do xuízo, deu mandato a un letrado, designado por el mesmo ou polo Estado, para que o defendese en xuízo, e foi efectivamente defendido polo dito letrado no xuízo.

3.<sup>a</sup> Que, tras serlle notificada a resolución de comiso e ser informado expresamente do seu dereito a un novo xuízo ou a interpor un recurso coa posibilidade de que dese novo proceso, no que tería dereito a comparecer, derivase unha resolución contraria á inicial, o imputado declarou expresamente que non impugnaba a resolución, ou non solicitou a apertura dun novo xuízo nin interpuso recurso dentro do prazo previsto para iso.

f) Cando a resolución se refira a feitos que o dereito español considere cometidos na súa totalidade ou en parte en territorio español ou cando se cometan fóra do Estado emisor e o dereito español non permita a persecución das devanditas infraccións cando se cometan fóra do seu territorio.

g) Cando o xuíz considere incompatible cos dereitos e liberdades fundamentais recoñecidos na Constitución a resolución adoptada en aplicación das disposicións sobre a potestade de comiso ampliada a que se refire a letra d) do número 2 do artigo 3.

h) Cando a resolución se refira a feitos para cuxo axuizamento sexan competentes as autoridades españolas e, de ter sido ditada a condena por un órgano xurisdiccional español, a sanción imposta prescribise de conformidade co dereito español.

i) Cando falte o certificado que debe acompañar a solicitude de execución da resolución, sexa incompleto ou non se corresponda manifestamente coa resolución.

2. Nos casos a que fan referencia as letras a), e), f), g) e i), así como a letra d) cando non se informase da interposición dun recurso en España, do número 1 deste artigo, antes de denegar o recoñecemento e a execución da resolución, o xuíz do penal deberá consultar coa autoridade do Estado de emisión, por calquera dos medios previstos no artigo 7.2, para que aclare a situación e, de ser o caso, repare o defecto en que se tiver incorrido. Nos demais casos do número 1 deste artigo, a consulta será potestativa para o xuíz do penal.

#### Artigo 20. *Supostos de imposibilidade de execución da resolución de comiso.*

Cando non sexa posible executar a resolución de comiso debido a que o ben a que se refira xa foi comisado, desapareceu, foi destruído ou non se encontra na localización indicada no certificado ou a que non se indicou coa suficiente precisión onde se encontra o ben, mesmo tras consultar co Estado de emisión, o xuíz do penal competente informará disto sen demora a autoridade competente do Estado de emisión.

#### Artigo 21. *Suspensión da execución.*

1. O xuíz do penal competente poderá suspender a execución dunha resolución de comiso transmitida nos seguintes supostos:

a) Cando, no caso dunha resolución de comiso referente a unha cantidade de diñeiro, considere que hai risco de que o valor total derivado da súa execución poida exceder do

importe especificado na resolución como consecuencia da súa execución simultánea en máis dun Estado membro.

b) Cando a execución da resolución de comiso poida impedir o bo desenvolvemento dunha investigación ou actuación penal en curso, durante o tempo que considere razoable.

c) Cando considere necesario traducir, sen repercutir o seu custo ao Estado de emisión, a resolución de comiso ou partes dela, polo tempo necesario para obter a súa tradución.

d) Cando o ben xa fose obxecto dun procedemento de comiso en España.

2. O xuíz do penal competente adoptará, durante o período de suspensión, as medidas necesarias para asegurar a execución da resolución de comiso.

3. No caso de suspensión de conformidade coa letra a) do número 1 deste artigo, o xuíz do penal competente informará disto sen dilación a autoridade competente do Estado de emisión por calquera medio que poida deixar constancia escrita.

4. Nos casos recollidos nas alíneas b), c) e d) do número 1 deste artigo, o xuíz do penal comunicará sen dilación a suspensión da execución da resolución de comiso, os seus motivos e, se é posible, a súa duración prevista, á autoridade competente do Estado de emisión por calquera medio que poida deixar constancia escrita.

5. Tan pronto como deixasen de existir os motivos de suspensión, o xuíz do penal competente tomará de inmediato as medidas oportunas para executar a resolución de comiso e informará disto a autoridade competente do Estado de emisión por calquera medio que poida deixar constancia escrita.

#### Artigo 22. *Comunicación ao Ministerio Fiscal.*

Calquera que sexa a decisión adoptada, o xuíz do penal notificará ao Ministerio Fiscal ao mesmo tempo que a transmite á autoridade competente do Estado de emisión.

#### Artigo 23. *Recursos.*

1. Contra as resolucións ditadas polo xuíz do penal que resolvan sobre o recoñecemento e execución das resolucións emitidas por unha autoridade doutro Estado membro da Unión Europea, o Ministerio Fiscal, o condenado ou os titulares de dereitos e intereses lexítimos que poidan verse afectados poderán interpor o recurso de reforma e o de apelación, que non suspenderán a execución.

O recurso de apelación poderase interpor subsidiariamente co de reforma ou por separado. En ningún caso será necesario interpor previamente o de reforma para presentar a apelación. Todos estes recursos se tramitarán de acordo co disposto na Lei de axuízamento criminal para a posibilidade de recurso contra os autos dos xuíces do penal no procedemento abreviado.

2. Tan pronto como se interpoñan os recursos de reforma ou de apelación, o xuíz do penal comunicará esta circunstancia ao órgano xudicial do Estado emisor, por calquera medio que deixe constancia escrita, en condicións que permitan á autoridade xudicial a que se dirixe establecer a súa autenticidade, para que expoña, se é o caso, as consideracións que considere oportunas no prazo de cinco días desde a recepción do certificado.

3. O xuíz do penal informará a autoridade xudicial do Estado de emisión da resolución do recurso de reforma ou apelación.

4. Os motivos de fondo polos que se adoptase a resolución só poderán ser impugnados mediante un recurso interposto no Estado membro da autoridade xudicial de emisión.

#### Artigo 24. *Disposición dos bens comisados.*

1. O xuíz do penal competente disporá do diñeiro obtido da execución da resolución de comiso de acordo coas seguintes regras:

a) Se o importe obtido da execución da resolución de comiso é inferior a 10.000 euros ou ao equivalente ao dito importe, este ingresará na conta de depósitos e consignacións xudiciais.

b) En todos os demais casos, transferirase ao Estado de emisión o 50 por 100 do importe que se obtivese da execución da resolución de comiso. O 50 por 100 restante ingresarase na conta de depósitos e consignacións xudiciais.

As cantidades que, en aplicación do disposto anteriormente, correspondan a España serán transferidas polo secretario xudicial ao Tesouro Público con aplicación, se é o caso, do que se estableza en normas especiais e, particularmente, no previsto polo artigo 374 do Código penal e pola Lei 17/2003, do 29 de maio, pola que se regula o Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O xuíz do penal competente decidirá que os bens que non sexan diñeiro ou outros instrumentos de pagamento ao portador obtidos da execución da resolución de comiso sexan alleados e aplicados da forma prevista no número anterior.

O alleamento dos bens realizarase de acordo coa lexislación española, e observarase, cando proceda, o previsto pola Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando e a súa normativa de desenvolvemento.

3. Cando da execución da resolución de comiso resulten afectados bens integrantes do patrimonio histórico español, o xuíz do penal en ningún caso procederá ao seu alleamento ou restitución ao Estado de emisión. En tal suposto, comunicarao ás autoridades españolas competentes e serán de aplicación as disposicións da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e a súa normativa de desenvolvemento.

4. O Estado español non reclamará ao Estado de emisión o reembolso dos gastos que resulten da execución da resolución de comiso. Non obstante, se a execución da resolución comportou gastos que considera de índole substancial ou excepcional, o xuíz do penal comunicarao ao Ministerio de Xustiza para que este chegue a un acordo coas autoridades competentes do Estado de emisión sobre a repartición de custos.

Disposición adicional primeira. *Remisión de información estatística.*

De conformidade coas directrices que, de ser o caso, fixe a Comisión Nacional de Estatística Xudicial, os xulgados ou tribunais que transmitan ou reciban resolucións de comiso nos casos previstos nesta lei comunicaranos ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

O Consello Xeral do Poder Xudicial remitirá semestralmente a información a que se refire o parágrafo anterior ao Ministerio de Xustiza.

Disposición adicional segunda.

Modifícase o artigo 98 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, que queda redactado como segue:

«Artigo 98. *Resolución xudicial.*

Transcorrido o prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores sen que se tiveren presentado impugnacións ou, de se teren presentado, unha vez postos de manifesto na oficina xudicial os textos definitivos daqueles documentos, o xuíz ditará a resolución que proceda de conformidade co disposto neste título.

Esta resolución será apelable e terá a consideración de apelación máis próxima para os únicos efectos de reproducir as cuestións formuladas nos recursos de reposición ou incidentes concursais durante a fase común a que se refire o artigo 197.4.»

Disposición adicional terceira.

Modifícase a disposición adicional oitava da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional oitava.

Os xuíces de adscrición territorial a que se refire o artigo 347 bis da Lei orgánica do poder xudicial percibirán, en concepto de retribucións complementarias fixadas nesta lei:

1. Por grupo de poboación, o complemento de destino correspondente aos maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza a que estean adscritos.

2. Por representación, o complemento de destino correspondente aos maxistrados dos órganos unipersoais do grupo de poboación que lles corresponda conforme o previsto no número anterior.

As retribucións básicas serán as previstas nesta lei de acordo coa súa categoría.»

Disposición adicional cuarta.

Modifícase a disposición adicional primeira e engádesse unha nova disposición adicional cuarta na Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, que quedan redactadas como segue:

«Disposición adicional primeira.

En canto á adquisición e perda da condición de membro da carreira fiscal, incapacidades, situacións administrativas, deberes e dereitos, incompatibilidades, prohibicións e responsabilidades destes, será de aplicación supletoria o disposto para xuíces e maxistrados na Lei orgánica do poder xudicial.»

«Disposición adicional cuarta.

1. Os membros da carreira fiscal substituiranse entre si, de acordo co disposto neste estatuto, nas normas regulamentarias que o desenvolvan e nas instrucións que, con carácter xeral, dite o fiscal xeral do Estado.

2. Cando non poida acudir ao sistema de substitucións ordinarias, poderán ser nomeados con carácter excepcional fiscais substitutos nos casos de vacantes, licenzas, servizos especiais ou outras causas que o xustifiquen.

3. O réxime xurídico dos fiscais substitutos será obxecto de desenvolvemento regulamentario en termos análogos ao previsto para os maxistrados suplentes e xuíces substitutos na Lei orgánica do poder xudicial, que será aplicable supletoriamente nesta materia.»

Disposición adicional quinta.

Engádesse un novo artigo 2 bis á Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, coa seguinte redacción:

«Artigo 2 bis.

1. En cada Tribunal Superior de Xustiza, e para o ámbito territorial da provincia, créanse as prazas de xuíces de adscrición territorial que se fixan no anexo IV desta lei, de acordo co previsto no artigo 347 bis da LOPX.

2. O desenvolvemento posterior destas prazas de xuíces de adscrición territorial así como a súa modificación efectuarase mediante real decreto, de acordo co establecido no artigo 20 desta lei.»

Disposición transitoria única. *Resolucións en curso.*

1. Esta lei será aplicable ás resolucións que se transmitan ou reciban con posterioridade á súa entrada en vigor, con independencia de que fosen ditadas con anterioridade.

2. As resolucións de comiso que se encontren en execución no momento da entrada en vigor desta lei seguiranse tramitando ata a súa conclusión conforme as normas vixentes naquel momento.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase en exercicio da competencia atribuída ao Estado en materia de lexislación procesual polo artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Nesta lei incorpórase ao dereito español a Decisión marco 2006/783/JAI do Consello, do 6 de outubro de 2006, relativa á aplicación do principio de recoñecemento mutuo de resolucións de comiso, así como a modificación que desta norma efectúa a Decisión marco 2009/299/JAI do Consello, do 26 de febreiro, pola que se modifican as decisións marco 2002/584/JAI, 2005/214/JAI, 2006/783/JAI, 2008/909/JAI e 2008/947/JAI, destinada a reforzar os dereitos procesuais das persoas e a propiciar a aplicación do principio de recoñecemento mutuo das resolucións ditadas a raíz de xuízos celebrados sen comparecencia do imputado.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O disposto nas disposicións adicionais segunda, terceira, cuarta e quinta entrará en vigor o día seguinte a aquel en que o faga a Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial.

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO



## ANEXO

### Certificado para a execución de resolucións de comiso noutro Estado membro da Unión Europea

a) Estados de emisión e de execución:

Estado de emisión: .....

Estado de execución: .....

b) Órgano xurisdiccional de emisión da resolución de comiso:

Denominación oficial: .....

Enderezo: .....

Referencia do expediente: .....

N.º de teléfono (prefixo de país) (prefixo de cidade ou zona): .....

N.º de fax (prefixo de país) (prefixo de cidade ou zona): .....

Correo electrónico (se o ten): .....

Linguas en que se pode comunicar co órgano xurisdiccional: .....

Datos da persoa ou persoas a que hai que dirixirse para obter información complementaria para a execución da resolución de comiso ou, de ser o caso, para coordinar a execución da resolución de comiso transmitida a dous ou máis Estados de execución, ou para transferir ao Estado de emisión as cantidades ou bens percibidos con motivo da execución (nome, cargo ou grao, n.º de teléfono, n.º de fax e, se ten, enderezo de correo electrónico): .....

c) Autoridade competente para a execución da resolución de imposición da resolución de comiso no Estado de emisión [se a autoridade é distinta do órgano xurisdiccional indicado na letra b)]:

Denominación oficial: .....

Enderezo: .....

N.º de teléfono (prefixo de país) (prefixo de cidade ou zona): .....

N.º de fax (prefixo de país) (prefixo de cidade ou zona): .....

Correo electrónico (se o ten) .....

Linguas en que se pode comunicar coa autoridade competente para a execución: .....

Datos da persoa ou persoas a que hai que dirixirse para obter información complementaria para a execución da resolución de comiso ou, de ser o caso, para coordinar a execución da resolución de comiso transmitida a dous ou máis Estados de execución, ou para transferir ao Estado de emisión as cantidades ou bens percibidos con motivo da execución (nome, cargo ou grao, n.º de teléfono, n.º de fax e, se ten, enderezo de correo electrónico): .....

d) No caso de designarse unha autoridade central para a transmisión e recepción administrativas das resolucións de comiso no Estado de emisión:

Nome da autoridade central: .....

Persoa de contacto, se é o caso (cargo ou grao e nome): .....

Enderezo: .....

Referencia do expediente: .....

N.º de teléfono (prefixo de país) (prefixo de cidade ou zona).....

N.º de fax (prefixo do país) (prefixo de cidade ou zona): .....

Correo electrónico (se o ten): .....

e) Autoridade ou autoridades con que pode contactarse [en caso de que se aplicasen as letras c) ou d)]:

Autoridade mencionada na letra b):  
Para cuestións relativas a: .....

Autoridade mencionada na letra c):  
Para cuestións relativas a: .....

Autoridade mencionada na letra d):  
Para cuestións relativas a: .....

f) Cando a resolución de comiso resulte dunha resolución de embargo transmitida ao Estado de execución en virtude da Decisión marco 2003/577/JAI do Consello, do 22 de xullo de 2003, relativa á execución na Unión Europea das resolucións de embargo preventivo de bens e de aseguramento de probas, facilítase a información que proceda para identificar a resolución de embargo (datas de expedición e transmisión da resolución de embargo, autoridade á cal se transmitiu e número de referencia se se coñece): .....

g) Cando a resolución de comiso se transmita a máis dun Estado de execución, facilítase a seguinte información:

1. A resolución de comiso transmitiuse ademais aos seguintes Estados de execución (indicar o país e a autoridade): .....

2. A resolución de comiso transmitiuse a máis dun Estado de execución polos seguintes motivos (márquese o recadro correspondente):

2.1. Se a resolución de comiso afecta un ou varios bens concretos:

- suponse que os distintos bens afectados pola resolución de comiso se encontran en Estados de execución diferentes,
- o comiso dun ben concreto require a actuación en máis dun Estado de execución,
- suponse que un ben concreto afectado pola resolución de comiso se encontra nun dos varios Estados de execución indicados.

2.2. Se a resolución de comiso se refire a unha cantidade de diñeiro:

- os bens de que se trata non foron embargados en virtude da Decisión marco 2003/577/JAI do Consello, do 22 de xullo de 2003, relativa á execución na Unión Europea das resolucións de embargo preventivo de bens e de aseguramento de probas,
- o valor dos bens que poden comisarse no Estado de emisión e en calquera dos demais Estados de execución por separado pode non ser suficiente para a execución da cantidade total pola que se ditou a resolución de comiso,
- Outros motivos (detállense): .....

h) Información relativa á persoa física ou xurídica contra a cal se ditou a resolución de comiso:

1. No caso dunha persoa física:

Apelidos:.....  
Nome: .....  
Apelidos de solteira (de ser o caso): .....  
Alias (de ser o caso):.....  
Sexo: .....  
Nacionalidade: .....  
Número de identidade ou número de seguridade social (se se coñece): .....  
Data de nacemento: .....  
Lugar de nacemento:.....  
Último domicilio coñecido: .....  
.....  
Idiomas que entende (se se coñecen):.....  
.....

1.1. Cando a resolución de comiso se refire a unha cantidade de diñeiro:

A resolución de comiso transmítese ao Estado de execución polos seguintes motivos (márquese o recadro correspondente):

a) O Estado de emisión ten motivos razoables para crer que a persoa contra a cal se ditou a resolución de comiso ten bens ou ingresos no Estado de execución. Engádase a información seguinte:

Motivos para crer que a persoa ten bens ou ingresos: .....  
.....  
Descrición dos bens ou ingresos da persoa en cuestión:.....  
.....  
Localización dos bens da persoa en cuestión ou procedencia dos ingresos (se se descoñece, indicar a última localización coñecida): .....  
.....

b) Non hai motivos razoables, no sentido da letra a), que permitan ao Estado de emisión determinar a que Estados membros pode transmitirse a resolución de comiso, pero a persoa contra a cal se ditou a resolución de comiso reside habitualmente no Estado de execución. Engádase a información seguinte:

Residencia habitual no Estado de execución: .....  
.....  
.....

1.2. Cando a resolución de comiso se refira a bens concretos:

A resolución de comiso transmítese ao Estado de execución polos seguintes motivos (márquese o recadro correspondente):

a) Os bens concretos encóntranse no Estado de execución. Véxase o punto i).

b) O Estado de emisión ten motivos razoables para crer que os bens concretos obxecto da resolución de comiso se encontran total ou parcialmente no Estado de execución. Engádase a información seguinte:

Motivos para crer que os bens concretos se encontran no Estado de execución: .....  
.....

c) Non hai motivos razoables, no sentido da letra b), que permiten ao Estado de emisión determinar a que Estado membro pode transmitirse a resolución de comiso, pero a persoa contra a cal se ditou a resolución de comiso reside habitualmente no Estado de execución. Engádase a información seguinte:

Residencia habitual no Estado de execución: .....  
.....  
.....

2. No caso dunha persoa xurídica:  
Nome: .....  
Forma da persoa xurídica: .....  
Número de rexistro (se o ten) <sup>(1)</sup>: .....  
Domicilio social (se o ten) <sup>(1)</sup>: .....  
Enderezo da persoa xurídica: .....

2.1. Cando a resolución de comiso se refire a unha cantidade de diñeiro:

A resolución de comiso transmítese ao Estado de execución polos seguintes motivos (márquese o recadro correspondente):

a) O Estado de emisión ten motivos razoables para crer que a persoa xurídica contra a cal se ditou a resolución de comiso ten bens ou ingresos no Estado de execución. Engádase a información seguinte:

Motivos para crer que a persoa xurídica ten bens ou ingresos: .....  
Descrición dos bens ou ingresos da persoa xurídica: .....

Localización dos bens da persoa xurídica ou procedencia dos ingresos (se se descoñece, indicar a última localización coñecida): .....

b) Non hai motivos razoables, no sentido da letra a), que permitan ao Estado de emisión determinar a que Estado membro pode transmitirse a resolución de comiso, pero a persoa xurídica contra a cal se ditou a resolución de comiso ten o seu domicilio social no Estado de execución. Engádase a información seguinte:

Domicilio social no Estado de execución: .....

2.2. Cando a resolución de comiso se refira a bens concretos:

A resolución de comiso transmítese ao Estado de execución polos seguintes motivos (márquese o recadro correspondente):

a) Os bens concretos encóntranse no Estado de execución. Véxase o punto i).

b) O Estado de emisión ten motivos razoables para crer que os bens concretos obxecto da resolución de comiso se encontran total ou parcialmente no Estado de execución. Engádase a información seguinte:

Motivos para crer que os bens concretos se encontran no Estado de execución: .....

c) Non hai motivos razoables, no sentido da letra b), que permitan ao Estado de emisión determinar a que Estado membro pode transmitirse a resolución de comiso, pero a persoa xurídica contra a cal se ditou a resolución de comiso reside habitualmente no Estado de execución. Engádase a información seguinte:

Domicilio social no Estado de execución: .....

i) Resolución de comiso

Data en que se ditou a resolución de comiso: .....

(1) Cando a resolución de comiso é transmitida ao Estado de execución porque a persoa xurídica contra a cal se emitiu a resolución de comiso ten o seu domicilio social no dito Estado deberán indicarse o número de rexistro e mais o domicilio social.

Data en que resultou firme a resolución de comiso: .....

Número de referencia da resolución de comiso (se se coñece): .....

1. Información acerca da natureza da resolución de comiso

1.1. Márquese o recadro correspondente se a resolución de comiso se refire a:

unha suma de diñeiro

Importe a executar no Estado de execución indicando a divisa (en cifras e en letras): .....

Importe total da resolución de comiso, con indicación da divisa (en cifras e en letras): .....

bens concretos

Descrición dos bens concretos: .....

Localización dos bens concretos (se se descoñece, indicar a última localización coñecida): .....

Se o comiso dos bens concretos require actuacións en máis dun Estado, describir as actuacións necesarias: .....

1.2. O órgano xurisdiccional resolveu que os bens (márquese o recadro do tipo correspondente):

i) proceden da comisión dunha infracción ou son equivalentes ao valor total ou parcial da devandita procedencia,

ii) constitúen os instrumentos para cometer esa infracción,

iii) poden comisarse como resultado da aplicación, no Estado de emisión, da potestade de comiso ampliada citada en a), b) e c). O fundamento da resolución constitúeo o feito de que o órgano xurisdiccional, baseándose en feitos concretos, chegou ao pleno convencemento de que os bens de que se trata teñen algunha das orixes seguintes:

a) actividades delituosas do condenado realizadas antes da condena polo delito de que se trata, o que considerou razoable o órgano xurisdiccional nas circunstancias dese caso en concreto,

b) actividades delituosas similares do condenado realizadas antes da condena polo delito de que se trata, o que considerou razoable o órgano xurisdiccional nas circunstancias dese caso en concreto,

c) actividades delituosas do condenado e comprobación de que o valor dos bens é desproporcionado aos seus ingresos legais,

iv) poden comisarse en virtude de calquera outra disposición sobre potestade de comiso ampliada en virtude do dereito do Estado de emisión.

No caso de que concorran dous ou máis tipos de comiso, especifíquese os bens que se comisan en cada tipo de comiso: .....

2. Información sobre as infraccións polas cales se ditou a resolución de comiso

2.1. Resumo dos feitos e descrición das circunstancias, incluído lugar e momento, en que se cometeron as infraccións polas cales se ditou a resolución de comiso:

.....  
.....  
.....  
.....

2.2. Natureza e tipificación legal das infraccións polas cales se ditou a resolución de comiso e disposición legal ou código aplicable en que se basea a resolución ditada:

.....  
.....  
.....

2.3. Márquense na lista que se presenta a continuación aquelas infraccións do punto 2.2. que aparezan da lista, se a infracción está penalizada no Estado de emisión con pena máxima de privación de liberdade dun mínimo de tres anos:

- pertenza a unha organización delituosa,
- terrorismo,
- tráfico de seres humanos,
- explotación sexual de menores e pornografía infantil,
- tráfico ilícito de drogas e substancias psicotrópicas,
- tráfico ilícito de armas, municións e explosivos,
- corrupción,
- fraude, incluída a que afecte os intereses financeiros das Comunidades Europeas conforme o Convenio do 26 de xullo de 1995 relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas,
- branqueo do produto do delito,
- falsificación de moeda, con inclusión do euro,
- delitos informáticos,
- delitos contra o ambiente, incluídos o tráfico ilícito de especies animais protexidas e de especies e variedades vexetais protexidas,
- axuda á entrada e á estancia irregulares,
- homicidio e agresión con lesións graves,
- tráfico ilícito de órganos e tecidos humanos,
- secuestro, retención ilegal e toma de reféns,
- racismo e xenofobia,
- roubos organizados ou a man armada,
- tráfico ilícito de bens culturais, incluídas as antigüidades e as obras de arte,
- estafa,
- chantaxe e extorsión de fondos,
- violación de dereitos de propiedade intelectual ou industrial e falsificación de mercadorías,
- falsificación de documentos administrativos e tráfico de documentos falsos,
- falsificación de medios de pagamento,
- tráfico ilícito de substancias hormonais e outros factores de crecemento,
- tráfico ilícito de materias nucleares e radioactivas,
- tráfico de vehículos roubados,
- violación,
- incendio provocado,
- delitos incluídos na competencia da Corte Penal Internacional,
- apoderamento ilícito de aeronaves e buques,
- sabotaxe

2.4. No caso de que as infraccións sinaladas no punto 2.2 polas cales se ditou a resolución de comiso non figuren no punto 2.3, descríbanse detalladamente as infraccións cometidas (incluída a actividade delituosa real de que se trate, que pode ser distinta da tipificación legal): .....

.....

.....

.....

.....



- j) Procedementos que derivan na resolución de comiso:
1.  Si, o imputado compareceu no xuízo do cal deriva a resolución de comiso.
  2.  Non, o imputado non compareceu no xuízo do cal deriva a resolución de comiso.
  3. Se marcou o recadro do punto 2, sívase confirmar a existencia dun dos seguintes feitos:
    - 3.1a. o imputado foi citado en persoa o día ..... (día/mes/ano) e informado así do lugar e a data previstos para o xuízo do cal deriva a resolución de comiso, e foi informado de que podería ditarse unha resolución en caso de non comparecencia no xuízo;  
Ou
    - 3.1b. o imputado non foi citado en persoa, pero recibiu efectivamente por outros medios, de tal forma que puido establecerse sen lugar a dúbidas que tiña coñecemento da celebración prevista do xuízo información oficial da data e lugar previstos para este, e foi informado de que podería ditarse unha resolución en caso de non comparecencia no xuízo;  
Ou
    - 3.2. tendo coñecemento da celebración prevista do xuízo, o imputado deu mandato a un letrado, ben designado por el mesmo ou polo Estado, para que o defendese no xuízo, e foi defendido efectivamente polo devandito letrado no xuízo;  
Ou
    - 3.3. ao imputado foille notificada a resolución o..... (día/mes/ano) e foi informado expresamente do seu dereito a un novo xuízo ou a interpor recurso, no que tería dereito a comparecer e se volverían examinar os argumentos presentados e mesmo posibles novos elementos probatorios, e de que o xuízo podería dar lugar a unha resolución contraria á inicial, e
      - o imputado declarou expresamente que non impugnaba esta resolución;Ou
    - non solicitou un novo xuízo nin interpuxo un recurso dentro do prazo establecido;
  4. Se marcou o recadro dos puntos 3.1b, 3.2 ou 3.3 o que respecta ao recadro que se seleccionase no punto 3, rógase proporcionar información sobre como se cumpriu a condición pertinente: .....  
.....  
.....
- k) Conversión e transferencia de bens
1. Se a resolución de comiso se refire a bens concretos, indíquese se o Estado de emisión permite que o comiso no Estado de execución adopte a forma dunha orde de pagamento dunha cantidade de diñeiro correspondente ao valor do ben de que se trate:
    - Si
    - Non
  2. Se a resolución de comiso se refire a unha cantidade de diñeiro, indíquese se poden transferirse ao Estado de emisión bens distintos do diñeiro obtido pola execución da resolución de comiso:
    - Si
    - Non
- l) Medidas alternativas, incluídas as penas privativas de liberdade
1. Indíquese se o Estado de emisión permite a aplicación polo Estado de execución de medidas alternativas no caso de que non sexa posible executar total ou parcialmente a resolución de comiso:
    - Si
    - Non

2.	No caso de resposta afirmativa, indíquense as sancións aplicables (senalando o tipo e grao máximo destas):  <input type="checkbox"/> Privación de liberdade. Máximo: ..... <input type="checkbox"/> Servizos de interese social (ou equivalente). Máximo: ..... <input type="checkbox"/> Outras sancións. Descrición: .....
m)	Outras circunstancias relacionadas co caso (información optativa): ..... ..... .....
n)	Achégase ao certificado o texto da resolución de comiso. Sinatura da autoridade que emite o certificado ou do seu representante dando fe do contido do certificado: ..... ..... Apelidos: ..... Función (cargo ou grao): ..... Data: ..... Selo oficial (se o houber):